

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN E A SOCIEDADE PARQUE TECNOLÓXICO DE GALICIA, S.A. PARA A IMPLANTACIÓN DA PRIMEIRA AULA NEWTON PERMANENTE EN GALICIA

En Santiago de Compostela, a 18 de outubro de 2021

R E U N I D O S

FRANCISCO JOSÉ CONDE LÓPEZ, vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación e Presidente da Axencia Galega de Innovación, actuando no exercicio das competencias que ten atribuídas polo artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, modificada polas leis 11/1988, do 20 de outubro; 7/2002, do 27 de decembro; 2/2007, do 28 de marzo e 12/2007, do 27 de xullo e polo Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, polo que se crea a Axencia Galega de Innovación e se aproban os seus estatutos.

PATRICIA ARGEREY VILAR, con DNI 33.329.475-Z, quen actúa en nome e representación da entidade “Parque Tecnolóxico de Galicia S.A.” na súa calidade de representante persoa física do vicepresidente e conselleiro delegado, Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido na escritura notarial do notario de Ourense D. Daniel Balboa Fernández de data 5 de marzo de 2013 e número 368 do seu protocolo, polo que se delegan no conselleiro delegado, para o seu exercicio, tódalas facultades propias do Consello de Administración, a excepción feita das indelegables.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos no exercicio das funcións que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas e

E X P O Ñ E N

PRIMEIRO.-

Que son obxectivos da Xunta de Galicia en xeral, e da Axencia Galega de Innovación en particular, incrementar a competitividade do tecido produtivo galego a través do coñecemento e a innovación, establecendo como unha das súas prioridades a difusión da

transferencia de tecnoloxía e a mellora da cultura de I+D+i como clave para o crecemento e o desenvolvemento socioeconómico de Galicia.

SEGUNDO

Que a Axencia Galega de Innovación é unha axencia pública autonómica encadrada nas entidades instrumentais do sector público autonómico reguladas no título III da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico, tal e como se recolle no Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, polo que se crea a Axencia Galega de Innovación e se aproban os seus estatutos.

Que a Axencia Galega de Innovación está adscrita á Vicepresidencia segunda e consellería de Economía, Empresa e Innovación e conta con personalidade xurídica propia diferenciada respecto da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, patrimonio e tesourería propios e autonomía de xestión nos termos que precisen as leis.

Que a Axencia Galega de Innovación ten como finalidade fomentar e vertebrar as políticas de innovación nas administracións públicas galegas e o apoio e impulso do crecemento e da competitividade das empresas de Galicia, a través da implementación de estratexias e programas de innovación eficientes. Os seus estatutos atribúenlle, entre outras, as seguintes funcións: a ordenación, planificación, coordinación, execución e seguimento das competencias en materia de fomento da investigación que ten atribuídas a Comunidade Autónoma de Galicia en virtude do establecido no artigo 27.19º do Estatuto de autonomía de Galicia e a promoción, xestión e execución do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica, asumindo a súa coordinación, seguimento e avaliación.

TERCEIRO.-

Que o Parque Tecnolóxico de Galicia S.A. (en diante tamén PTG) é a entidade responsable de xestionar un conxunto de infraestruturas, espazos, recursos, capacidades e servizos destinados a empresas, emprendedores e proxectos que utilizan como ferramentas de crecemento a innovación e o coñecemento. Ademais PTG mantén vínculos activos de colaboración con Universidades, Centros de Investigación e Empresas co obxectivo de fomentar as actividades de I+D+i e o desenvolvemento e a

competitividade empresarial.

Neste sentido, PTG achega unha dilatada experiencia para desenvolver actividades de divulgación científica dirixidas a escolares e estudantes de todos os niveis. O seu obxecto social contempla o seu papel neste ámbito e concretamente atribúenselle estas capacidades: *“Promover, organizar e dirixir o desenvolvemento de todo tipo de actividades dirixidas á divulgación da ciencia, a mellorar a competitividade empresarial e ao desenvolvemento económico e social en xeral.”*

A entidade mercantil “PARQUE TECNOLÓGICO DE GALICIA S.A.”, órgano de xestión da Tecnópole, foi orixinarmente constituída baixo a denominación de “PARQUE TECNOLÓGICO DE GALICIA-OURENSE S.A.” en escritura outorgada en Ourense, ante o Notario que foi desa cidade D. Álvaro Moure Goyanes, o 11 de decembro de 1.991, baixo o número 1.618 de protocolo, e inscrita no Rexistro Mercantil de Ourense, tomo 185, folio 169, folla OR-1207. A súa primeira denominación foi modificada pola de PARQUE TECNOLÓGICO DE GALICIA S.A. en escritura autorizada polo Notario que foi de Ourense D. José Cora Guerreiro, o 10 de xuño de 1.993. A denominación actual de PARQUE TECNOLÓGICO DE GALICIA S.A. foi modificada a través de escritura pública de data 9 de xullo de 2012.

A participación da Xunta de Galicia na sociedade foi autorizada polo Consello da Xunta de Galicia na reunión do 18 de xullo de 1991 na cantidade de 147.248 euros, non podendo ser a devandita participación inferior ao 10% nin superior ao 50% do capital social fundacional.

A configuración do capital social inicialmente subscrito polos diferentes accionistas foi obxecto de varias modificacións. Así, a través das escrituras de compravenda de accións de 20 de febreiro de 2003 e de 10 de maio de 2004, a Xunta de Galicia transmitiu parte das súas accións á Sociedade Xestora de Intereses da Universidade de Santiago de Compostela S.L.L. (UNIXEST) e á Universidade da Coruña.

No ano 2008 levouse a cabo unha ampliación de capital, emitíndose 2.200 accións cun importe nominal de 601,01 €/acción e unha prima de emisión de 198,99 €/acción. O acordo desta ampliación elevouse a público mediante escritura outorgada en Ourense o 9 de febreiro de 2009 ante o notario Fernando Martínez-Gil Fluxá baixo o número 246 do

seu protocolo. En virtude desta ampliación, a Xunta de Galicia subscribiu 990 accións mantendo así a súa participación.

No ano 2015 levouse a cabo a última ampliación de capital, emitíndose 675 accións cun importe nominal de 601,01 €/acción e unha prima de emisión de 238,99 €/acción admitindo a subscrición incompleta de accións. O acordo desta ampliación elevouse a pública mediante escritura outorgada en Santiago de Compostela o 9 de marzo de 2016 ante o notario Manuel Remuñán López baixo o número 411 do seu protocolo. En virtude desta ampliación, á que acudiron unicamente Xunta de Galicia e a Confederación Empresarial de Ourense, a Xunta de Galicia subscribiu 303 accións pasando a ter unha representación do 50,52% do capital social.

A composición actual do accionariado do Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A., é a seguinte:

Entidade	Nº accións	Importe (€)	% Participación
Xunta de Galicia	1518	912.333,18	50,52
Abanca Corporación Bancaria S.A.	1122	674.333,22	37,34
INORDE	105	63.106,05	3,49
Cámara Oficial de Comercio e Industria de Ourense	50	30.050,50	1,66
Concello Ourense	50	30.050,50	1,66
Concello San Cibrao	20	12.020,20	0,74
Confederación Empresarial de Ourense	12	7.212,12	0,40
Unión General de Trabajadores	10	6.010,10	0,33
Universidade de Vigo	54	32.454,54	1,80
UNIXEST (USC)	54	32.454,54	1,80
Universidade da Coruña	10	6.010,10	0,33
Total	3005	1.806.035,05	100,00

CUARTO.-

Que a Sociedade Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A., Tecnópole, conta cunha ampla experiencia a través das actividades que no ámbito da divulgación científica vén desenvolvendo desde hai máis de 15 anos.

A aposta firme de Tecnópole polas actividades de divulgación científica de calidade está avalada polo éxito das Aulas Tecnópole, STEAM Kids Tecnópole, T2 W, Galiciencia e

Ciencia e Tecnología en feminino, cinco actividades de divulgación científica permanentes dirixidas a mozas de toda Galicia co obxectivo principal de promover as vocacións científicas e o espírito emprendedor.

Tecnópole iniciou en 2006 o seu compromiso coa ciencia coa celebración da primeira edición de Galiciencia coa participación de 16 proxectos científicos. Desde ese primeiro antecedente á Galiciencia actual, a feira foi capaz de fidelizar ao público e crecer, reinventándose e introduciendo cada ano novidades ata converterse na maior feira científica de Galicia e nun referente a nivel estatal no ámbito da divulgación científica. Galiciencia consiste na organización e o desenvolvemento dunha feira científica que ten como público obxectivo a estudantes de Primaria, Secundaria e Bacharelato; e que permanece aberto ao público en xeral. Ademais da exposición de proxectos, pódese participar tamén en charlas, talleres, concursos e moitas outras actividades paralelas que se renovan cada edición. Na actualidade, por Galiciencia pasaron preto de 30000 visitantes e máis de 900 proxectos participantes, moitos dos cales representaron a Galicia en prestixiosas feiras internacionais.

Aulas Tecnópole (12 a 18 anos) e STEAM Kids Tecnópole (8 a 11 anos) son dúas actividades tecnolóxicas extraescolares semanais que levan a cabo de outubro a maio, desde fai once anos, e divídense en función da idade dos participantes e do contido desenvolvido nelas. Por estas actividades pasaron xa máis de 500 nenos e nenas de Ourense.

O campamento tecnolóxico de Tecnópole (T2W) leva desenvolvéndose durante nove anos consecutivos nas primeiras dúas semanas do mes de xullo en horario de 10:00 h a 18:00 h. No T2W preténdese dar ao alumnado galego a oportunidade de mellorar os seus coñecementos científicos e tecnolóxicos de maneira totalmente experimental, realizando actividades innovadoras deseñadas por especialistas en educación STEAM que lles permitirán complementar os seus coñecementos académicos e introducirlles no mundo da investigación, programación, robótica, retos STEM, 3D, entre outras actividades. Polo campamento de verán pasaron máis de 400 mozos de toda Galicia.

Ciencia e tecnoloxía en feminino é un programa de divulgación científica, que se celebra por cuarto ano consecutivo, liderado pola Asociación de Parques Científicos e Tecnolóxicos de España (APTE), no que Tecnópole participa xunto con outros 16 Parques científicos e tecnolóxicos do toda España. O programa ten como obxectivo o fomento das

vocacións científicas e tecnolóxicas, co fin de aumentar no futuro a elección entre o público xuvenil feminino de estudos científicos e tecnolóxicos. Está dirixido a estudantes de 1º a 3º da ESO e consiste nunha serie de workshops, exposicións, concursos, e a achega dunha guía de saídas profesionais para todas as mozas que estean interesadas en estudar carreiras de ciencias e tecnoloxía. Por este programa xa pasaron máis de 400 alumnos e alumnas de diferentes centros educativos de Ourense.

QUINTO.-

En xullo de 2018 a empresa de aeronáutica Boeing anunciou unha donación de 5 millóns de dólares para impulsar o esforzo educativo STEM en Europa a través das Aulas Newton móbiles e permanentes, una iniciativa enfocada a alumnos de primaria e secundaria que neses momentos econtrábase activa en Noruega, Dinamarca e Holanda. O concepto foi desenvolto por First Scandinavia, unha fundación norueguesa sen ánimo de lucro.

O primeiro lugar de Europa que visitou a Aula Newton móbil foi Lugo, visita organizada no marco da CIVIL UAVs INITIATIVE. Durante 3 semanas (do 21 de outubro ata o 10 de novembro de 2019) 339 alumnos de 15 centros participantes e 835 persoas de público en xeral, tiveron a oportunidade de visitala e participar nas actividades educativas previstas.

Como consecuencia do interese, a boa acollida polas actividades realizadas e a boa colaboración, Boeing e First Scandinavia plantearon a creación dun Aula Newton permanente en Galicia.

Dende a Axencia Galega de Innovación propúxose que esta Aula fose instalada no Parque Tecnolóxico de Galicia.

SEXTO.-

A Axencia Galega de Innovación ten interese en desenvolver coa colaboración do PTG, S.A. o proxecto da Aula Newton permanente co fin de impulsar o desenvolvemento do talento e fomentar a cultura científica e a innovación a través de accións formativas dirixidas, fundamentalmente, a estudantes e docentes que contribúan a:

- Fomentar o desenvolvemento de vocacións científicas e talento innovador entre os estudantes, mediante o contacto directo coa práctica investigadora.
- Fomentar a creatividade e a innovación entre os mozos.



- Dar apoio ás tarefas docentes na ensinanza das ciencias, coa presentación de ferramentas que proxecten unha visión dinámica e atractiva das mesmas.
- Aumentar o coñecemento entre a sociedade da ciencia e a innovación e consolidar a súa imaxe pública como actividades xeradoras de riqueza, desenvolvemento e calidade de vida.
- Incrementar a interacción entre o mundo científico, de innovación e a sociedade, fomentando a participación pública na dinámica científica e tecnolóxica.
- Desenvolver formatos e canles innovadoras para a promoción da cultura científica.

SÉTIMO.-

Que co obxectivo de crear a primeira aula Newton permanente en Galicia, que será a primeira tamén en España, a Axencia Galega de Innovación en colaboración con PTG iniciaron en xaneiro de 2021 o proceso de deseño deste aula e de planificación das actuacións necesarias para a súa implantación, contando co apoio e asesoramento de First Scandinavia e seguindo as directrices marcadas para cumprir coas premisas do “concepto Newton”.

OITAVO.-

Que como se pode deducir do manifestado nos puntos anteriores, e en cumprimento do establecido no artigo 26.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei, os obxectivos que se perseguen con este convenio resultan de interese xeral para a promoción económica, á innovación, o desenvolvemento tecnolóxico e a creación de emprego en Galicia.

Así mesmo, dada a especificidade do obxecto do convenio, non procede a realización dunha convocatoria pública para o desenvolvemento das actuacións do mesmo, xa que a Tecnópole é o único parque científico-tecnolóxico de Galicia, representando o espazo físico de encontro entre o sistema público de I+D+i e o tecido privado, sendo unha ferramenta fundamental para enraizar e xerar I+D+I e acercar a realidade dos parques científicos-tecnolóxicos aos cidadáns e sendo ademais a única entidade que ata a data levou a cabo as actividades da maior feira científica de Galicia (Galiciencia) co obxectivo de fomentar o estudo das áreas STEM entre os máis novos. Tecnópole conta cos

espazos axeitados e conta coa experiencia e os profesionais e colaboradores necesarios para levar a cabo este tipo de proxecto educativo no ámbito STEM.

Con estes fins as partes acordan subscribir o presente convenio con arreglo ás seguintes,

C L A Ú S U L A S

PRIMEIRA.- Obxecto.

O presente convenio ten como obxecto determinar o marco de colaboración entre a Axencia Galega de Innovación e a Sociedade Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A. para a posta en marcha da primeira Aula Newton permanente en Galicia dentro das instalacións do Parque Tecnolóxico de Galicia.

Como **anexo I** ao convenio, recóllese a descrición das actividades obxecto do mesmo que son:

Actuación 1: Acondicionamento dos locais que albergarán a Aula Newton.

Actuación 2. Evento de inauguración da Aula Newton.

Actuación 3: Actividades educativas na Aula Newton.

SEGUNDA.- Gastos subvencionables.

De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada e que se realicen no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2021 e o 15 de decembro do 2021. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Os conceptos subvencionables no marco deste convenio son os que se detallan no Anexo II.

Tendo en conta o carácter estimativo do orzamento, aceptaranse modificacións na distribución do gasto entre os diferentes conceptos subvencionables que non supoñan minoracións en ningún destes conceptos superiores ao 10% da previsión inicial. Estas minoracións incrementarán as dotacións dos outros conceptos subvencionables.

A petición de a Sociedade Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A. e previo informe favorable da comisión de seguimento prevista no convenio, a Axencia Galega de Innovación poderá autorizar variacións superiores ao 10% entre os diferentes conceptos subvencionables recollidas no orzamento.

As modificacións sinaladas nos parágrafos anteriores serán posibles sempre e cando non supoñan un incremento do importe da subvención total prevista.

En ningún caso se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda. O imposto sobre o valor engadido (IVE) non será subvencionable.

TERCEIRA. – Compromisos.

Sociedade Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A. comprométese a:

- Presentar previamente á sinatura do convenio:
 - Certificacións que acrediten que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma, en cumprimento do artigo 11.e) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
 - Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións contempladas no artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
 - Declaración responsable de todas as axudas solicitadas e concedidas para a mesma finalidade ou os mesmos custos, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional ou internacional.

- Desenvolver as actividades do convenio seguindo as liñas de actuación establecidas no anexo I.
- Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas respectivas funcións de fiscalización e control de destino das axudas concedidas e facilitará a inspección e control dos órganos da Axencia Galega de Innovación co gallo de supervisar o cumprimento das actividades do convenio.
- Comunicar a Axencia Galega de Innovación a obtención de subvencións e axudas para a mesma finalidade que a do presente convenio, procedentes de calquera outra Administración Pública ou de entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, tan pronto se teña coñecemento das mesmas.
- Subministrar toda a información necesaria para que a Axencia Galega de Innovación poida dar cumprimento ás obrigas recollidas na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. No caso de que o beneficiario non atenda ao requirimento

de información en prazo, procederáse conforme ao establecido no artigo 4.4 do citado texto legal.

- Dar consentimento expreso á Axencia Galega de Innovación para o tratamento necesario dos datos relevantes deste convenio e a súa publicación na páxina web da Axencia Galega de Innovación e no Diario Oficial de Galicia, coas excepcións previstas no artigo 15.2º d) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia
- Dar consentimento expreso á Axencia Galega de Innovación para incluír e facer público, a través do Portal de transparencia e Goberno aberto e nos rexistros regulados polo Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos de axudas, subvencións e convenios e sancións, os datos referidos ás axudas e subvencións recibidas ao abeiro do presente convenio.
- Seguir as normas sobre protección de datos, concretamente a Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
- Cumprir co disposto no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
- Achegar os informes e documentos que acrediten o desenvolvemento das actividades do presente convenio, así como os informes e demais documentos requiridos pola Axencia Galega de Innovación.
- Proceder ao reintegro, total ou parcial, dos fondos percibidos e máis os xuros de mora devengados dende o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión, nos casos previstos no Título II da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.
- Facer constar expresamente a colaboración prestada pola Axencia Galega de Innovación, en todo o material de execución, información e publicidade das actividades do convenio coa utilización do seu correspondente logotipo identificativo.
- Cumprir coas obrigas de publicidade e transparencia previstas na cláusula décimo terceira do presente convenio.

CUARTA.- Financiamento.

As actividades obxecto do presente convenio teñen un custo máximo estimado de 47.500 € (IVE non incluído), para o que a Axencia Galega de Innovación, concede unha subvención a fondo perdido do 100% con cargo á aplicación orzamentaria

06.A2.561A.741.16 (código de proxecto 2015 00004) dos orzamentos da Axencia Galega de Innovación para o ano 2021.

A desagregación do importe da subvención xúntase ao presente convenio como anexo II. Aceptaranse modificacións na distribución do gasto entre os diferentes conceptos subvencionables que non supoñan minoracións en ningún destes conceptos superiores o 10% da previsión inicial recollido no Anexo. Estas minoracións incrementarán as dotacións dos outros conceptos subvencionables.

A petición do PTG e previo informe favorable da comisión de seguimento prevista no convenio, a Axencia Galega de Innovación poderá autorizar variacións superiores ao 10% entre os diferentes conceptos subvencionables recollidos no orzamento.

As modificacións previstas nos parágrafos anteriores serán posibles sempre e cando non supoñan un incremento do importe da subvención prevista total.

A subvención concedida será incompatible con outras subvencións concedidas para o mesmo fin, xa que se financian o 100% das actividades obxecto do convenio.

Atendendo ao establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Sociedade Parque Tecnolóxico de Galicia, poderá subcontratar o 100% dos gastos subvencionados ao abeiro do presente convenio. A subcontratación das actividades subvencionadas regularase polo disposto nos artigos 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 43 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento do citado texto legal, respectando ao efecto os límites establecidos no punto 7 do citado artigo en canto a persoas ou entidades coas que non se pode concertar a subcontratación.

Así, o artigo 27.7 da citada Lei 9/2007 establece que en ningún caso poderá concertar o beneficiario a execución total ou parcial das actividades subvencionadas con:

- a) Persoas ou entidades incursas nalgunha das prohibicións do **artigo 10** desta lei.
- b) Persoas ou entidades que percibisen outras subvencións para a realización da actividade obxecto de contratación.
- c) Intermediarios ou asesores nos que os pagamentos se definan como unha porcentaxe de custo total da operación, agás que o dito pagamento estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou dos servizos prestados.

d) Persoas ou entidades vinculadas co beneficiario, segundo o establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

No caso de adquisición de bens de equipo, ou a contratación de servizos ou subministracións e materiais, cando o importe do gasto subvencionable iguale ou supere os 15.000 euros no global do proxecto para un mesmo provedor, deberán achegarse un mínimo de tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo ou a entrega do ben, agás que polas súas especiais características dos gastos non exista no mercado suficiente número de entidades que os presten ou subministren. Estas excepcións deberán xustificarse. A elección entre as ofertas presentadas realizarase de conformidade con criterios de eficacia e economía, e achegarase unha memoria xustificativa cando a elección non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

En todo caso, de acordo co artigo 43.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Axencia Galega de Innovación poderá comprobar, dentro do período de prescrición, o custo así como o valor de mercado das actividades subcontratadas.

Procederá a revogación das subvencións, así como ao reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora nos casos e termos previstos nos artigos 32 a 40 (capítulos I e II do Título II) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG do 25 de xuño).

QUINTA. – Condicións de pagamento e xustificación da subvención.

Conforme ao estipulado no artigo 60 e 62 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Axencia Galega de Innovación efectuará o pagamento estipulado no convenio á Sociedade Parque Tecnolóxico de Galicia, previa comprobación da realización do obxecto do convenio e validada a documentación xustificativa presentada na Axencia Galega de Innovación, conforme o sinalado a continuación:

- Un pagamento único, pagarase á xustificación tras o remate da execución da totalidade das actividades obxecto do convenio, que en todo caso producirase antes do 15 de decembro do ano en curso.

Xustificación:

Toda a documentación presentárase electronicamente. O beneficiario responsabilízase da veracidade dos documentos que presentan. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o esixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá requirir de maneira motivada a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada. Nos casos de imposibilidade funcional e/ou tecnolóxica que impidan a presentación electrónica da documentación, esta poderá presentarse presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Como documentación xustificativa da realización das actividades do convenio e con arreglo ao sinalado no artigo 48 do Decreto 11/2009, o PTG deberá presentar toda a información de acordo cos seguintes puntos:

1. Memoria final explicativa das actividades desenvolvidas, na que conste como mínimo os datos relativos ás obras realizadas nos locais da Aula Newton, os materiais e quipos para a dotación da aula, o material promocional, deseño, comunicación e material funxible, xustificación do evento inaugural e a actividade de titores e instructores
2. Memoria económica da aplicación dos fondos destinados ao convenio, na que conste o concepto subvencionable, o provedor, o número de factura, o importe (co IVE detallado) e a data de cada un dos xustificantes, agrupados por conceptos de gastos.
3. Documentación acreditativa da realización do 100% do investimento ou gasto, consistentes en facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, segundo o establecido no artigo 28.3 da Lei 9/2007 e no artigo 48 do Decreto 11/2009. As facturas deberán conter suficiente información que permita relacionala co gasto xustificado. Cando o beneficiario non dispoña de facturas electrónicas, deberá achegar unha copia en formato pdf. dos documentos orixinais acompañada dunha declaración responsable da autenticidade deses documentos achegados así como o compromiso de presentar os orixinais cando GAIN llos requira.
4. Documentación xustificativa do pagamento: copia de transferencias bancarias, certificacións bancarias ou extractos bancarios, ou documentos obtidos a través da banca electrónica. Nestes documentos deberán estar claramente identificados

o receptor e o emisor do pagamento; o número e o importe total da factura satisfeito. No caso de que no documento de pagamento non se faga referencia ás facturas, deberá ir acompañado da documentación complementaria que permita verificar a correspondencia entre gasto e pagamento. Non se aceptarán aqueles documentos de pagamento que non permitan identificar claramente as facturas vinculadas ao concepto ao que corresponden.

5. Os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 29 da Lei de subvencións de Galicia, deba ter solicitado ao PTG.

Así mesmo, deberá presentar:

1. Certificacións que acrediten que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma, en cumprimento do artigo 31.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
2. Declaración de non ter solicitado ni concedido outras axudas para a mesma finalidade , das distintas administracións públicas competentes ou dos seus organismos ou sociedades.
3. Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións contempladas no artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

De non xustificar o importe total das actuacións desenvolvidas, a Axencia Galega de Innovación, minorará a súa achega proporcionalmente, sempre e cando se acadara o obxecto do presente convenio e, así mesmo, resérvase o dereito de solicitar a documentación que considere precisa en relación coa xustificación de gastos.

SEXTA.- Publicidade e rexistro de convenios, transparencia e bo goberno.

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso por parte do PTG para que a Administración Galega inclúa e faga públicos os datos referidos ao presente convenio, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, relativo ás obrigas específicas en materia de información sobre convenios; e co disposto nos Decretos 126/2006, do 20 de xullo, e 132/2006, do 27 de xullo, polos que se regulan o rexistro de convenios da Xunta de Galicia, e os rexistros públicos creados nos

artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, respectivamente.

O contido deste convenio será publicado na Base de Datos Nacional de Subvencións, nos termos previstos no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30.3 da Lei 15/2014, do 16 de novembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

SÉTIMA.- Inexistencia de relación laboral.

A subscrición do presente convenio, non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian a desenvolver as actuacións obxecto deste convenio coa Axencia Galega de Innovación, de tal xeito que non se lle poderá esixir a esta Axencia responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiariamente, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

OITAVA.-Seguimento e evolución do convenio.

Para garantir a correcta execución e seguimento do pactado neste Convenio, constituirase unha Comisión de Seguimento e Coordinación integrada por dous representantes da Axencia Galega de Innovación, un deles actuará como presidente, e dous representantes do PTG, designados a tal efecto por cada parte.

Son funcións da Comisión de Seguimento e Coordinación as seguintes:

- Realizar o seguimento das actuacións do Convenio.
- Propor solucións aos conflitos que puideran xurdir na aplicación e interpretación das cláusulas do convenio.
- Propoñer á Axencia Galega de Innovación variacións entre os diferentes conceptos de gasto recollidos no orzamento do Anexo que supoñan minoracións en algún dos conceptos de gasto superiores ao 10% para adecualos á execución do convenio, sempre e cando non supoñan un incremento do importe total do convenio.
- As que sexan precisas para garantir a correcta execución do convenio.

A Comisión reunirse as veces que sexan precisas á solicitude de calquera das partes asinantes.

Esta Comisión rexerase en canto a súa constitución, funcionamento e adopción de acordos pola normativa vixente en materia de órganos colexiados regulada na sección 3ª do capítulo primeiro do Título I da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.

NOVENA.- Control.

A Axencia Galega de Innovación poderá realizar as actividades de inspección que considere oportunas para controlar o cumprimento da subvención.

En todo caso, as subvencións estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercido pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece o título III da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia. Así mesmo, estará sometida ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Cuentas e do Consello de Contas.

DÉCIMA.- Alteración das actuacións.

Aceptaranse modificacións na distribución do gasto entre os conceptos de gasto que non supoñan minoracións en ningún deles superiores ao 10% da previsión inicial. Estas minoracións incrementarán as dotacións doutros conceptos subvencionables. A petición do PTG e previo informe favorable da comisión de seguimento prevista no convenio, a Axencia Galega de Innovación, poderá autorizar variacións superiores ao 10% entre os importes asignados a cada dos conceptos subvencionables, sempre que estas variacións non supoñan un incremento do importe da subvención prevista total.

Toda alteración nas accións a realizar, agás as sinaladas no parágrafo anterior, deberán ser obxecto de autorización pola Axencia Galega de Innovación e formalizarse mediante a correspondente addenda ao presente convenio, consonte o artigo 35 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia

En aplicación do disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro de racionalización do sector público autonómico, o convenio poderá ser modificado coa finalidade de lograr os obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira da Comunidade Autónoma de Galicia. As devanditas modificacións terán por

obxecto a redución do volume das actuacións a desenvolver pola PTG ou a ampliación do prazo de execución.

UNDÉCIMA.- Vixencia do convenio.

A vixencia do convenio esténdese desde a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2021, sen prexuízo de que as actuacións que constitúen o seu obxecto se iniciasen no mes de xaneiro de 2021.

DUODÉCIMA.- Resolución do convenio.

Serán causas de resolución do presente convenio procedendo ao reintegro, total ou parcial, da axuda percibida e dos xuros de mora correspondente dende o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, as determinadas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

En especial, son causas de resolución do presente convenio as seguintes:

- A desviación dos fondos outorgados para outra finalidade distinta da sinalada neste convenio.
- O incumprimento da obriga da xustificación do investimento realizado.
- O incumprimento de calquera outra das cláusulas establecidas no convenio
- O transcurso do tempo estipulado sen que se desenvolva o mesmo.
- O acordo mutuo das partes.
- O incumprimento total dos fins/obxectivos do convenio, determinado a través dos mecanismos de seguimento e control, da realización do investimento financiable ou da obriga de xustificación, serán causa de perda do dereito ao cobramento ou de reintegro total da subvención.

Considerarase igualmente como incumprimento total a xustificación de menos do 50% do gasto subvencionable recollido no anexo II do convenio, coas consecuencias previstas no parágrafo anterior.

No caso de que se xustifique un gasto subvencionable inferior ao recollido no anexo II, pero igual ou superior ao 50% daquel, considerarase a existencia dun incumprimento parcial e dará lugar á perda do dereito ao cobramento da subvención na porcentaxe correspondente ao gasto ou investimento non xustificada.

O incumprimento parcial dos fins/obxectivos do convenio dará lugar á perda do dereito ao cobramento ou ao reintegro parcial da subvención na porcentaxe que se determine nos informes de seguimento.

DÉCIMO TERCEIRA.- Obrigas específicas en materia de información sobre convenios.

O PTG facilitará canta información resultase necesaria, para face posible o cumprimento das obrigas impostas en materia de publicidade pola Lei 1//2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

DÉCIMO CUARTA.- Natureza xurídica Réxime xurídico e controversias.

Este convenio ten carácter administrativo, rexéndose os seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, e no seu defecto polo establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento do citado texto legal.

Con carácter supletorio aplicaranse as disposicións contidas na *Ley 40/2015, de 1 de octubre, de Régimen Jurídico del Sector Público*. Así mesmo a súa regulación exclúese do ámbito de aplicación Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (artigo 6.2.), se ben se observarán os seus principios para a resolución das dúbidas e lagoas que puidesen presentar.

A Axencia Galega de Innovación ostentará as prerrogativas de interpretación, modificación, resolución e nulidade propia dos negocios xurídicos administrativos, de acordo coa lexislación de contratos do sector público. As cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación e cumprimento do convenio serán de coñecemento e competencia da Orde Xurisdicional do Contencioso.Administrativo.

E en proba de conformidade, asinan o presente Convenio, en duplicado exemplar, no lugar e data indicado na cabeceira do presente documento.

Pola Axencia Galega de Innovación

Pola Sociedade Parque
Tecnolóxico de Galicia, S.A.

Francisco José Conde López

Patricia Argerey Vilar

ANEXO I

Plan de actividades proposto para a implantación da Aula Newton Permanente no Parque Tecnolóxico de Galicia.

Actuación 1: Acondicionamento dos locais que albergarán a Aula Newton.

Esta actuación consiste en adaptar dentro do Edificio CEI do Parque Tecnolóxico de Galicia o espazo necesario para instalar a Aula Newton. Trátase de acondicionar varios locais da planta baixa que suman uns 145 m² para convertilos na Aula Newton seguindo todos os requisitos e especificacións da fundación propietaria do concepto Newton (First Scandinavia).

Todo o mobiliario e equipamento é aportado por Boeing.

As principais actuacións son as seguintes:

- Demolición de paredes, eliminación de portas e construción de nova división
- Substitución de teitos
- Instalación de lámpadas led
- Substitución do chan
- Traballos de pintura, electricidade, telecomunicacións e fontanería
- Colocación de novos estores nas fiestras

Estado inicial dos locais:



Estado final tralo acondicionamento:



Actuación 2. Evento de inauguración da Aula Newton.

O obxectivo principal da organización deste evento é celebrar a inauguración institucional da primeira Aula Newton Permanente en España, que se instalará no Parque Tecnolóxico de Galicia -Tecnópole.

A data que se está pensando para o acto inaugural é a semana do 18 de outubro do 2021, podendo sufrir modificacións, dentro dese mesmo mes, en función das axendas institucionais. O acto de inauguración da Aula Permanente Newton en Ourense, contará coa participación de representantes máximos de Boeing, First Scandinavia, Asociación de empresarios de San Cibrao das Viñas, Concello de San Cibrao das Viñas, Concello de Ourense, Tecnópole e Xunta de Galicia. A intención é que o evento teña un enfoque atractivo para os asistentes. Para isto, considerase fundamental incorporar no programa elementos que permitan xerar un ambiente distendido, que favorezan o desenvolvemento da xornada. Os asistentes compartirán un aperitivo informal no que terán ocasión de compartir contactos e experiencias. Inicialmente contémpase a celebración do evento en horario matinal. Posibilidade horaria de :10:30h -14:30h.

En principio, este día precisarase contar coa colaboración de 3 instrutores e 1 persoa na recepción do mesmo.

Actuación 3: Actividades educativas na Aula Newton.

O obxectivo principal da organización destas actividades Newton é ofrecer formación en ciencia, tecnoloxía, enxeñería e matemáticas mediante dinámicas prácticas de forma que os estudantes galegos teñan acceso a equipos que lles permiten explorar, debater, reflexionar e colaborar nas materias STEM.

Está previsto que un día á semana, a priori os venres, en horario de 9:30h a 14:15h (4 horas e 45 minutos por día) celébranse as Aulas Newton para estudantes procedentes de centros educativos de toda Galicia de 3º-4º de la ESO (14-16 anos), que, nesta ocasión, recibirán formación sobre o módulo de “Voando con números: una aventura aérea” de 3 horas de duración. Neste módulo o alumnado, axudado por un equipo de formadores e instrutores de voo, levará a cabo unha misión aérea mediante a realización de tres actividades principais: “Exploramos el tempo”, “Creación de un plan de voo” e “Misión de voo”. Ademais, para poder realizar dúas sesións formativas do módulo ao día, introdúcese unha actividade complementaria cunha duración de 90 minutos, aínda sen contido predefinido, solicitarase a empresa adxudicataria propostas de actividades relacionadas coa ciencia e a tecnoloxía, preferiblemente coa aeronáutica. Inicialmente, estase a pensar en celebrar un espectáculo ou taller científico- tecnolóxico relacionado con temáticas de aeronáutica, enxeñería, física, matemáticas ou similares que capaciten ao alumnado en conceptos relacionados con ditas materias. E para complementalo daríase unha explicación das actividades que o Parque desenvolve en materia de divulgación científica, posto que se quere aproveitar este contacto cos centros educativos galegos para aproximalos ás actividades de divulgación científica do Parque e facerlle chegar as oportunidades de participación nelas.

A oferta de prazas está limitada a 36 alumnos/as por día, divididos en dos grupos cun máximo de 18 estudantes/grupo segundo se especifica na seguinte táboa horaria:

ANEXO II

Orzamento máximo estimado para a implantación da Aula Newton Permanente no Parque Tecnolóxico de Galicia en 2021.

conceptos	€
obras nos locais da Aula Newton	20.500,00
evento inaugural	4.000,00
material promocional, deseños, comunicación, funxibles...	8.000,00
materiais e equipos para dotación da Aula	4.100,00
titores e instrutores	10.900,00
Total importe	47.500,00